



**GDR CONDADO PARADANTA.**  
**VISIONS DO TERRITORIO**  
**III CONCRUSO ARTÍSTICO DO GDR CONDADO PARADANTA**  
**BASES REGULADORAS**

O GDR Condado Paradanta pon en marcha unha nova edición do concurso artístico que se regulará de acordo coas seguintes bases:

**1. OBXECTO**

É obxecto das presentes bases regular o funcionamento do III Concurso Artístico do GDR Condado Paradanta.

**2. PARTICIPANTES**

Poderán concorrer a este certame artísticos tódalas persoas que o desexen, sexan profesionais ou afeccionados, sempre que os seus traballos se axusten as presentes bases .

**3. CATEGORÍAS. DEFINICIÓNS.**

Poderán participar obras de ata catro categorías distintas:

- Fotografía: deberán ir en formato JPG ou PNG e terán un tamaño mínimo de 1280 x 972 píxeles e resolución de 300 ppp. Non poderán ser alteradas electrónicamente nin por calquera medio, non aceptándose os fotomontaxes. Tan só se permitirán correccións de cor e luminosidade
- Vídeo: deberán ir en formato horizontal en MP4, MOV ou AVI. Requírese unha calidade mínima de HD 720 p. Non poderán superar os 60 segundos de duración.
- Pintura: non poderán participar aquelas obras realizadas con programas informáticos ou semellantes. As obras deberán ir dixitalizadas.
- Deseño Gráfico: as obras deberanse presentar en formato dixital (JPG, PNG, TIFF, AI) cunha resolución mínima de 300 ppp.

**4. TEMÁTICA**

A temática é libre. É de obrigado cumprimento para poder participar que as obras se correspondan ao ámbito territorial do GDR Condado Paradanta (A Cañiza, Arbo, As Neves, Covelo, Crecente, Mondariz, Mondariz Balneario, Pontearreas, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño).

## 5. LIMITACIÓNS

- Cada participante poderá presentar tantas obras como desexe.
- As obras serán necesariamente orixinais, inéditas, non podendo ser obras xa presentadas en anteriores edicións ou en outro tipo de concursos/certames.
- Admitiranse obras en branco e negro ou en cor.
- As obras deberán ser propiedade do autor/a que as presente ao concurso

## 6. MODO DE ENTREGA

Os traballos deberán enviarse por correo electrónico á conta: [gdr@gdrcondadoparadanta.gal](mailto:gdr@gdrcondadoparadanta.gal). Xunto con cada obra deberán indicarse os seguintes datos:

1. Nome e apelidos do autor/a
2. Teléfono de contacto
3. Título da obra
4. Breve descrición da mesma
5. Lugar da obra/Referencia ao territorio de actuación do GDR Condado Paradanta
6. Enlace ao perfil de Facebook do autor/a, no caso de que conte con el

## 7. DATA DE ENTREGA

O prazo de entrega das obras remata as 14.00 horas do 31 de xullo de 2022

## 8. PREMIOS

- Haberá un premio do xurado por categoría
- Haberá un premio do público por categoría

### 8.1. PREMIOS DO XURADO

O xurado profesional estará formado por cinco persoas elixidas polo GDR Condado Paradanta que teñan vinculación co mundo da fotografía, do vídeo, das artes, do territorio e do GDR. Ningunha das persoas que conforman o xurado poderá participar no concurso.

Os autores premiados obterán un premio consistente nun pack experiencia no Condado Paradanta, con actividade para dúas persoas a escoller entre turismo activo,

visita guiada ou cata comentada e cea para dúas persoas nun dos establecementos do SICTED Condado Paradanta, e un obsequio.

## 8.2. PREMIOS DO PÚBLICO

Para os premios do público, calquera persoa pode emitir votos a través da páxina en Facebook do GDR Condado Paradanta facendo “gústame” na fotografía elixida, podendo votar a tódalas temáticas que se desexen.

Os autores premiados obterán un premio consistente nun lote de produtos locais valorado e un obsequio.

A obra con maior número de interaccións obterá o galardón da “Mellor Obra Artística do GDR Condado Paradanta 2022”, premiado cun pack experiencia no Condado Paradanta, con actividade para dúas persoas a escoller entre turismo activo, visita guiada ou cata comentada e cea para dúas persoas nun dos establecementos do SICTED Condado Paradanta.

Ademais tódolos participantes recibirán un diploma distintivo de participación.

## 9. FALLO E NOTIFICACIÓNS

O fallo dos premios realizarase 30 días despois da publicación das obras nas redes sociais do GDR Condado Paradanta. Os resultados comunicaranse aos interesados directamente e faranse públicos a través da web, redes sociais, prensa, etc.

O xurado reservase o dereito da interpretación das presentes bases e da resolución dos casos non contemplados nas mesmas.

O xurado reservase o dereito de declarar desertos algúns dos premios se os traballos presentados non reunisen, ao seu criterio, os méritos suficientes.

## 10. DEREITOS DE AUTOR

A organización resérvase o dereito de uso das obras premiadas, podendo realizar as copias que precise para a súa reprodución en exposicións ou para uso documental do GDR Condado Paradanta (web, redes sociais, ou calquera outro documento propio da institución), sen limitación de tempo ou lugar, indicando o nome de autor/a nos títulos de crédito ou nalgún lugar dentro da propia obra. Este dereito é compatible co uso que o propio autor/a queira seguir facendo do seu traballo.

Os participantes deberán ser os únicos titulares dos dereitos de autor das obras e responsabilizaranse totalmente de que non existan conflitos de autoría con terceiros



nas obras presentadas, así como de toda reclamación por dereitos de imaxe que poida aparecer relativa ás súas obras.

### **11. EXCLUSIÓN**

Os organizadores resérvanse o dereito de exclusión de calquera traballo que non pertenza ao ámbito do GDR Condado Paradanta, que presente mostras de non cumprir algún dos requisitos indicados ou sobre calquera outra cuestión que, á xuízo dos organizadores, non cumpra cos códigos éticos e morais do GDR Condado Paradanta.

### **12. ACEPTACIÓN**

Tódolos participantes, polo feito de selo, aceptan as presentes bases

### **13. CONSULTAS**

Para calquera dúbida ou aclaración poderanse por en contacto co GDR Condado Paradanta no teléfono 986 66 33 29 ou no enderezo electrónico [gdr@gdrcondadoparadanta.gal](mailto:gdr@gdrcondadoparadanta.gal)